



Concello de Xermade

MODIFICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO **EXPTE. 172/2020**

Na Casa do Concello de Xermade, o 31 de marzo de 2020.

COMPARECEN

Por unha parte, Don Roberto García Pernas, na súa calidade de Alcalde do Concello de Xermade, con D.N.I. nº 33.302.272-C, asistido da Secretaria da Corporación, Dna. María Cristina Varela García, que dá fe do acto.

Por outra parte, D. Ignacio Casamada Lasús, maior de idade, e domicilio a efectos de notificación en Hospitalet de Llobregat, rúa Can Pi, nº 15, 08908 (Barcelona).

INTERVEÑEN

Don Roberto García Pernas, en nome e representación do Concello de Xermade.

Dna. María Cristina Varela García, tamén por razón do cargo, para dar fe do acto, segundo o disposto no artigo 113, regra 6ª, do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, e,

Don Ignacio Casamada Lasús, con NIF. 37.232.947-H en nome e representación da empresa People Plus Innovation S.L., con CIF B-64.907.975 e domicilio en Hospitalet de Llobregat, rúa Can Pi, nº 15, 08908 (Barcelona).

As dúas partes recoñécense a capacidade legal necesaria para outorgar o presente contrato, a tal efecto

EXPOÑEN

A) Antecedentes administrativos:

1º.- O Pleno do concello aprobou o expediente de contratación do servizo de axuda no fogar nas modalidades básica e dependencia na sesión extraordinaria celebrada o 23 de maio de 2019.

2º.- O Concello de Xermade adjudicou á empresa People Plus Innovation S.L., con CIF B-64.907.975 execución do contrato de Servizo de Axuda no Fogar con suxeición aos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexen o procedemento, mediante acordo da Xunta de Goberno Local reunida o 06/08/2019 (por delegación do Pleno da Corporación, consonte ao réxime de delegacións aprobado na sesión plenaria celebrada o 15/07/2019, BOP nº 072 do 28/03/2020). A notificación da adjudicación foi posta a disposición da interesada o 06/08/2019, e consta xustificante de recepción de data 14/08/2019.

3º.- A adjudicataria obrígase a executar o mencionado servizo por importe de 2.532.164,20 euros (base: 2.420.876,16 euros e IVE: 111.288,04 euros), cunha duración de 4 anos, consonte á oferta presentada:

1.- OFERTA ECONÓMICA:

- *Prezo hora SAF BÁSICO sen IVE 13,94€/hora, IVE aplicable 10%, importe IVE 1,39€/hora. Prezo IVE engadido 15,34€/hora*
- *Prezo hora SAF DEPENDENCIA sen IVE 13,94€/hora, IVE aplicable 4%,*

Concello de Xermade



Concello de Xermade

importe IVE 0,56€/hora. Prezo IVE engadido 14,50€/hora

2.- MELLORAS:

- Bolsa de horas gratuitas anuais de libre disposición para o concello: 600 horas anuais
- Servizo de préstamo de axudas técnicas:

Grupo de axudas técnicas	Características técnicas	Unidades ofertadas/ano
Grúas de mobilización persoal	Segundo oferta	10
Camas articuladas	Segundo oferta	10
Sillas-bañera	Segundo oferta	Non se especifica

4º.- O contrato administrativo formalizouse o 30 de agosto de 2019.

B) Sobre os antecedentes que preceden, as dúas partes proceden a formalizar a modificación contractual do contrato administrativo de servizos segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Por Decreto da Alcaldía núm. núm. 105/2020 de data 17/03/2020 iniciáronse os trámites para a modificación do contrato, por mor do incremento de 695 horas mensuais de SAF dependencia concedidas pola Consellería de Política Social.

Segunda.- Dóuselle traslado á adxudicataria do expediente de modificación contractual, achegando esta escrito de conformidade o 23/03/2020 con rexistro nº 2020-E-RE-108.

Terceira.- En data 26/03/2020 People Plus Innovation S.L.U. achegou aval bancario da entidade Banco Santander inscrito no Rexistro Especial de Avais con n.º 0049-5707-76-2110000457 por importe de 19.861,01 euros.

Consta informe emitido pola Intervención municipal o 26/03/2020 de fiscalización previa da fase AD, en sentido favorable.

Cuarta.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado por delegación de competencias do Pleno acordada na sesión do 15/07/2019 (BOP n.º 072 do 28/03/2020) aprobouse o expediente de modificación do contrato do Servizo de Axuda no Fogar por aumento de horas SAF dependencia concedidas pola Consellería de Política Social, consistente no incremento de 695 horas mensuais de SAF dependencia, consonte á seguinte táboa:

Ano	Incremento horas/mes	Incremento horas/ano	Prezo/h sen IVE	Prezo/h con IVE	Importe ano sen IVE	Importe ano con IVE
2020	695	6.255	13,94€	14,50€	87.194,70€	90.697,50€
2021	695	8.340	13,94€	14,50€	116.259,60€	120.930,00€
2022	695	8.340	13,94€	14,50€	116.259,60€	120.930,00€
2023	695	5.560	13,94€	14,50€	77.506,40€	80.620,00€

Previsión inicio modificación: 01/04/2020

Data fin contrato: 31/08/2023

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Concello de Xermade

Importe total modificación sen IVE: 397.220,30 euros

Importe total modificación con IVE: 413.177,50 euros

Importe garantía complementaria (5%): 19.861,01 euros

Asemade, acordouse aprobar e dispor a cantidade de 90.967,50 euros á que ascende o incremento do prezo do contrato que require de modificación para o exercicio 2020, con cargo á aplicación orzamentaria 231.227.

Quinta.- A presente modificación contractual entrará en vigor a partires do 01/04/2020.

Sexta.- As dúas partes obríganse ó exacto cumprimento do contrato, tal como queda despois da presente modificación contractual, someténdose expresamente os preceptos establecidos na Lei de Contratos do Sector Público, aprobada por Lei 9/2017, e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña a dita LCSP; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Para constancia de todo o acordado, asinan este contrato nun único exemplar e a un único efecto, no lugar e data ao principio mencionados, do que como Secretaria dou fe.

O Alcalde,

En representación da empresa,

Asdo. Roberto García Pernas

Asdo.: Ignacio Casamada Lasús

A Secretaria – Interventora,

Asdo.: María Cristina Varela García.

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027